


Venres 28 de Xuño de 2019

EASTERN BOYS (Robin Campillo, 2013)



Dirección: Robin Campillo. **Guión:** Robin Campillo. **Asistente de realización:** Valérie Roucher, **Música:** Arnaud Rebotini. **Son:** Olivier Mauvezin, Valérie Deloof, Jean-Pierre Laforce. **Script:** Ania Svetovaya **Imaxe:** Jeanne Lapoirie. **Vestuario:** Isabelle Pannetier. **Decorados:** Dorian Maloine. **Casting:** Sarah Teper, Laeila Fournier, Patricia Goyotte. **Montaxe:** Robin Campillo **Produción:** Les Films de Pierre. **Distribución:** Sophie Dulac Distribution. **Duración:** 2h09. **Elenco:** Olivier Rabourdin, Kirill Emelyanov, Daniil Vorobjev, Edea Darcque .

SINOPSE: Daniel aborda a Marek nunha estación parisiense onde este último rolda coa súa banda. Daniel proponse un encontro na súa casa ao día seguinte. Pero no momento da cita, cando Daniel abre a porta do seu apartamento, non se imaxina a trampa na que está a punto de caer e que vai cambiar a súa vida.

A prensa francesa dixo do filme:

-“*Eastern Boys* pon en escena situacións incómodas e de malestar extremo, onde os personaxes non poden máis que expresarse a través dos incómodos silencios ou cruces de miradas determinantes (...) *Eastern Boys* é de feito, por encima de todo, unha película única”. Alexis Campion para *Le Journal du Dimanche*.

-“*A posta en escena de Campillo logra abarcar nun único movemento a complexidade do mundo e os seus afectos*”. Isabelle Regnier para *Le Monde*.

-“*As primeiras imaxes da película atopan moi hábilmente a tensión que seguirá. Easterns Boys, edificante en moitos aspectos sobre a inmigración moderna, evoluciona cara a un punto novelesco que non perde nunca de vista a súa humanidade*”. Pierre Vavasseur para *Le Parisien*.

-“*Robin Campillo usa unha cámara case documental para captar o mundo ilegal das grandes estacións parisienses. Pero con sensibilidade cambia de marcha para arrastrarnos no suspense dunha historia onde o corazón substitúe a corpo, e onde a moral acaba gañando sen pavonearse*”. Alain Spira para *Paris Match*.

-“*Eastern Boys ao final é un pouco a reabsorción do ámbito da loita en beneficio da solidariedade inesperada. Liberdade, igualdade, fraternidade*”. Jean-Dominique Nuttens para *Positif*.

-“*Cun raro dominio do espazo, do tempo e do son, o cineasta impón o seu universo “sociopoético” e fai escoitar unha voz que esperamos sexa difícil de ignorar*”. Christophe Narbonne para *Prèmiere*.

-“*Tres lugares, todos magnificamente filmados, catro movementos de duracións diferentes, catro ritmos tamén, catro maneiras de asociar o íntimo e o colectivo. De mesturalos, de opoñelos, enfrontalos*”. Pascal Mérygeau para *Le Nouvel Observateur*.

Filmografía seleccionada de Robin Campillo:



- *120 pulsacións por minuto* (120 battements par minute, 2017)/-*A resurrección dos mortos* (Les Revenants, 2004).

Venres 28 de Xuño de 2019

Para saber máis:

-Frodon, Jean-Michel: *Le cinéma français. De la Nouvelle Vague à nous jours*. Paris: Cahiers du Cinéma, 2010.

-Chauvin, Jean- Sébastien; Tessé, Jean-Philippe: “Les années folles. Entretien avec Robin Campillo” en *Cahiers du Cinéma* n° 736, septembre 2017, p.42-44;46.

-Ganne, valérie: “ Nos amis les morts” en *Synopsis* n° 33, septembre-octobre 2004, p.34-35.

-Macharet, Mathieu: “Eastern Boys” en *Cahiers du Cinéma* n° 699, avril 2014, ,p.54.

-Marvier, Marie: “Le scénario et...le monteur” en *Synopsis* n° 12, mars-avril 2001, p. 124-125.

Análise do filme:

Podemos incluír Eastern Boys dentro do chamado "realismo social". Campillo parte dun lugar moi coñecido e transitado de París, a Gare du Nord, para logo mostrarnos unha capital descoñecida. O cineasta filma a bisbarra da cidade, *unha periferia que sen dúbida tamén forma parte desa idílica visión que se proxecta de París. "Quería filmar de París os lugares de entrada e de saída, a súa periferia, os seus lugares de paso. Paréceme que ese París é tan fermoso como o París de Hausmannn"*, afirma o director.

Trátase dunha película baseada nunha historia real. O cineasta compón un retrato sobre as relacións físicas e sentimentais. Unha narración que ademais expón a metamorfose do desexo a través dun dos problemas sociais que requiren maior atención, os sen papeis.

A escena inicial na Gare du Nord é un xogo entre o documental e a ficción, unha coreografía de corpos que da paso a un xénero fílmico distinto; un drama social con pinceladas de thriller.

Un filme cuxa inspiración directa, asumida polo propio realizador, é a película de Robert Siodmak *Os homes do domingo* (Menschen am Sonntag, 1930). Tanto no traballo de Campillo como no de Siodmak, reflíctese o interese por captar o movemento, a xente, a actividade das rúas tanto no París actual como no Berlín de antes da segunda guerra mundial.

Cunha elegante posta en escena, Capillo pon fronte ao espectador accións que non pode obviar. Situacións incómodas nas que os personaxes (que como en *Les Revenants* non atopan o seu lugar no mundo) exprésanse a miúdo mediante incómodos silencios.

É na escena da “festa” forzada en casa de Daniel onde o director desprega o seu bo facer fílmico e musical. Un emprego da música electrónica (de Arnaud Rebotini, histórico produtor da escena electrónica francesa) que non é máis que o antecedente do seu seguinte e aclamado filme, *120 pulsacións por minuto*.

Campillo asina unha película única e sorprendente que constitúe unha reflexión sobre a política, o desexo, a parella e a sociedade contemporánea.

